

UNHA REALIDADE NA NOSA SOCIEDADE #TDAHESREALIDAD

Si, é unha realidade, falamos dun trastorno que afecta ao 8,8 % da poboación mundial, dato confirmado pola OMS.

E é máis, no Informe Anual do Sistema Nacional de Saúde 2023 (Ministerio de Sanidade) di: *“Na infancia e adolescencia (menores de 25 anos), os problemas de saúde mental máis frecuentemente rexistrados... son os problemas hipercinéticos (24,9) ...”*, non temos claro a quen fai referencia este “SACO-DENOMINACIÓN INCORRECTA” que non é utilizada nin no CIE 11 nin no DSM 5, pero entendemos que parte deste grupo fórmao a nosa REALIDADE.

Neste momento, sen irmos da idea da Campaña deste ano: **#tdahesrealidad**, imos aproveitar para pedir aos/as POLÍTICOS/AS e TÉCNICOS/AS que:

1. UTILICEN SEN MEDO o termo correcto: TDAH.
2. XA non nos pidan máis os “datos reais” de persoas con TDAH, TÉÑENOS VOSTEDES.

En España existimos 4.278.175 REALIDADES con TDAH, que NON estamos soas, hai:

- Unha nai e un pai que loitan no día a día co seu fillo/a para que leve unha vida o máis “normalizada” posible.
- Uns/unhas irmáns/as que vense relegados/as en moitos momentos e que sofren tanto as reaccións como o trato do seu irmán/a cara a eles, como tamén do que o seu irmán ou irmá recibe dos iguais do seu contorno..
- Uns avós e avoas e outros familiares, que non entenden que é o pasa, e que ademais reciben mensaxes sociais contraditorias, iso si, estes familiares son sempre incondicionais.
- Unha parella que tampouco entende o que pasa...porque sempre oíu que “isto do TDAH é cousa de nenos/as e que se pasa co tempo”. Esta parella moitas veces réndese, pero outras moitas seguen loitando pola súa realidade.
- Amigos e amigas que entenden, apoian e queren.

E EN FRONTE, si EN FRONTE existen realidades que negan, xulgan, sinalan, illan e discriminan... Crencese coa verdade e o dereito de recriminar o que fai un pai ou unha nai, de cualificar a un neno/a, adolescente e adulto de “perigoso”, “malo” e mesmo “tolo”. O peor é que dentro **desta realidade** non só hai xente da rúa (que fai dano no día a día), hai realidades que teñen na súa man: un diagnóstico, unha intervención, unhas axudas...e que negan que #TDAHesrealidad e deixan abandonadas ás persoas con TDAH. É máis fácil cuestionar a realidade ou mirar para outro lado, que recoñecer que existe pero que trátase dun tema económico verdade?

XA ABONDA... dean un paso e **ACTÚEN señores e señoras políticos/as**, demostren que se preocupan polas REALIDADES deste PAÍS. Poñan en marcha A solución, SABEN cal é.

4.278.175 REALIDADES EN ESPAÑA son moitas realidades...E TI,
¿A QUE REALIDADE PERTENCES?